

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DE VIGO E A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDADE GALEGA PARA INSTRUMENTAR AS AXUDAS AO PERSOAL INVESTIGADOR DO PROXECTO COFUND – TALENTGAL DESTINADO NOS CENTROS DE INVESTIGACIÓN DE EXCELENCIA UNIVERSITARIOS (REDE CIGUS), COFINANCIADO CON FONDOS DO PROGRAMA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN HORIZONTE EUROPA DA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DAS ACCIÓNS MARIE SKŁODOWSKA-CURIE, BAIXO O ACORDO DE SUBVENCIÓN Nº 101261801

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades,

DECLARA

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, a Consellería) ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Universidade de Vigo (UVIGO) e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2030.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería, a UDC, a USC, a UVIGO e a FEUGA, para instrumentar as axudas asociadas ao programa MSCA-COFUND TALENTGAL destinadas a financiar a formación, nalgún dos 10 Centros de Investigación de Excelencia de Galicia que integran a Rede CIGUS, de persoal investigador posdoutoral, os gastos asociados á súa contratación, así como os gastos de xestión operativa do programa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que de acordo co establecido no artigo 36 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que ao contribuír a sufragar gastos asociados ás actuacións das convocatorias de contratación derivada do proxecto TALENTGAL - COFUND, no que





se prevé a contratación de 40 investigadores/as posdoutorais adscritos á Rede CIGUS, estase a potenciar a atracción de talento investigador; a mobilidade internacional, interdisciplinar e intersectorial; e a excelencia na formación e desenvolvemento da carreira investigadora.

Que TALENTGAL é un proxecto COFUND conseguido pola Consellería en colaboración cos centros da Rede CIGUS e FEUGA. O programa ten unha duración prevista de cinco anos e prevese contratar a 40 investigadoras/es posdoutorais, en dúas convocatorias abertas, transparentes e anunciadas internacionalmente. Por iso, non é necesario promover a concorrència competitiva da subvención. Neste punto, téñase en conta que se trata dun programa da Unión Europea, no que o proxecto pasou un rigoroso proceso de avaliación onde o único criterio foi a excelencia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data situada na marxe

